

## NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia renova a súa Xunta de Goberno.

**D. José Antonio Fernández Bouzas, Director do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, é o novo decano e o vicedecano é D. Pedro Pablo Gallego Veigas, catedrático na Universidade de Vigo.**

---

*Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2021.-* O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA- convocou eleccións á súa Xunta de Goberno o pasado 15 de outubro. Despois do conseguinte proceso electoral, o novo equipo de goberno electo, tomou posesión do seu cargo hoxe 18 de decembro, na sede colexial.

**D. José Antonio Fernández Bouzas**, actual Director do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, é o novo decano do COBGA.

Ademais do Decano, conforman a Xunta de Goberno o Vicedecano **D. Pedro Pablo Gallego Veigas**, exdecano da Facultade Bioloxía da Universidad de Vigo; o Tesoureiro, **D. Fernando García Sanz**, Director da empresa de servizos ambientais Solproga; a Secretaria, **Dª Beatriz Asorey Torres**, bióloga na Consellería do Mar; xunto con once vocais:

-D. **Andrés Pilas Pérez**, Director da consultora AMBICAL

-D. **Xosé Manuel Méndez García**, Técnico municipal de Medio Ambiente no Concello de Lalín

-Dª **Elena Vázquez Portela**, responsable de proxectos de medio ambiente, medio mariño e pesca e auditora de pesca sostible nunha consultora.

- D. **Manuel Antonio Rodríguez Suárez**, Xerente de Enxamio, consultoría especializada na xestión de recursos e residuos de postconsumo a nivel internacional.

-Dª **Xiana Pérez Martín**, Embrióloga en Equipo Ron S.A. Hospital Quirón A Coruña.

-Dª **Beatriz González López de Bustamante**, Codirectora e socia da Clínica NIDA de Vigo e membro da Xunta Directiva de ASEBIR

- Dª **Diana Valverde Pérez**, Catedrática de Bioquímica e Bioloxía Molecular na Universidade de Vigo, investigadora en enfermidades raras.

-D. **Andrés González Lecuona**, especializado en saúde e benestar animal no sector industrial da acuicultura marina.

-D. **Fernando Gonzalo Iglesias Quiroga**, Xerente de Cultura de Cerveza en Hijos de Rivera S.A.U.

- Dª **Isabel Álvarez Balvís**, Socia fundadora, Secretaria e responsable da produción de planta forestal da cooperativa Braña SCL

- Dª **Juana María Doce Cebreiro**, Directora de Registros de CZ Veterinaria, S.A. / Biofabri, S.L.U. (Grupo Zendal)

As directrices extratécnicas da nova Xunta do COBGA, para os próximos catro anos, e que dun xeito resumido son:

- Unha maior presenza institucional e social do COBGA
- Acercar máis se cabe o Colexio aos colexiados, modernizando os medios tecnolóxicos de comunicación cos/cas colexiados/as
- Unha maior relación con todos os ámbitos da bioloxía: Ciencia, medio ambiente, sanidade, alimentación, e cos diferentes sectores: industria, academia, consultoría, administración pública ...
- Consolidar a estrutura e eficacia do Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos
- Dinamizar dun xeito máis eficiente o funcionamento das Comisións Sectoriais como medio de coñecer e dar resposta as necesidades dos/das colexiados/as e da sociedade
- E por último, intentar aumentar a base colexial e conquistar con elo unha maior representatividade e solidez económica da institución

O Colexio de Biólogos de Galicia conta neste intre con máis de 1.300 colexiados, dos cales o 60% son mulleres.

**Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA**

**Telf./WhatsApp: 981 53 14 40**